

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 21 DE DECEMBRO DO 2023.**

ASISTENTES:

Presidente: MARIÑO DE BRICIO VICENTE Membros que asisten: SUAREZ PUERTA COLOMER FRANCISCO VIDAL PEON XABIER POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA BETANZOS FERNANDEZ GENOVEVA MARIA ABRALDES PEREZ FERNANDO FURONES RAMOS JUAN LUIS	Interventor: BAO CASTRO PABLO Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL Membros que non asisten:
---	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 15:20 do día Vinte e un de Decembro do Dous mil vinte e tres, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 14/12/2023

2.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202312/299

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 19/12/2023. DECRETO: "CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO



PROXECTO DENOMINADO “RENOVACIÓN DE SERVIZOS E PAVIMENTACIÓN DE RÚA DA CAMBRA (PALMEIRA)””

3.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202312/300

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 19/12/2023. DECRETO: “CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “PAVIMENTACIÓN E INSTALACIÓN DE SANEAMENTO NO LUGAR DE SIRVES (OLVEIRA)””

4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202311-434

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 28/11/2023. DECRETO: “SEGUNDA PRÓRROGA, DO CONTRATO “SERVIZOS DE MANTENIMENTO DE ASCENSORES, MONTACARGAS, ESCALEIRAS MECÁNICAS E PORTAS AUTOMÁTICAS EN EDIFICIOS PROPIEDAD DO CONCELLO DE RIBEIRA E CENTROS ESCOLARES)-LOTES 1,2,3.””

5.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202312/205

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 13/12/2023. DECRETO: “ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “MELLORA DE ACCESIBILIDADE EN BEIRARRÚAS E SANEAMENTO EN GÁNDARA (OLEIROS)””

6.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202312/207

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 13/12/2023. DECRETO: “ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “AMPLIACIÓN DE PISTAS DEPORTIVAS EN SAAMIL (CORRUBEDO)””

7.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202312/208

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 13/12/2023. DECRETO: “ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “CONSTRUCCIÓN DE NOVO PARQUE INFANTIL EN ARTES””



8.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202312/209

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 13/12/2023. DECRETO: “ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “PAVIMENTACIÓN E RENOVACIÓN DE SERVIZOS EN RÚA PADRE FEIJOO E RÚA ARZOBISPO XELMÍREZ (RIBEIRA)””

9.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUNHA FOODTRUCK PARA CAMPAÑA PROMOCIONAL DA CONSELLERÍA DO MAR – José Fajardo, S.L.

Visto o escrito presentado por Arturo Ramón Fajardo Piñeiro en representación de **José Fajardo, S.L.**, de data 18/12/2023 (Rexistro de entrada nº 29.048), no que solicita autorización para a instalación dunha Foodtruck (5,00 m. x 2,50 m.) para degustacións gratuítas de produtos do mara e da terra galegos (Programa de promoción da Consellería do Mar – “Galicia sabe amar”), “cerca da actividade Mercado de Nadal”, o día 27/12/2023, en horario de 11:00 h. a 14:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar** a **José Fajardo, S.L.** para a instalación dunha Foodtruck (5,00 m. x 2,50 m.) para degustacións gratuítas de produtos do mara e da terra galegos (Programa de promoción da Consellería do Mar – “Galicia sabe amar”), “cerca da actividade Mercado de Nadal”, o día 27/12/2023, en horario de 11:00 h. a 14:00 h.
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta da citada Foodtruck.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

10.- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA AMPLIACIÓN DE TERRAZA DE INSTALACIÓN TEMPORAL DE HOSTALERÍA EN TERREOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL NA ZONA DE SERVIDUME DE PROTECCIÓN DO DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE

LOCALIZACIÓN: MOSQUEIROS, CASTIÑEIRAS, RIBEIRA
PROMOTOR: DINO RENÉ VIVANCO VILCHES

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

1. ANTECEDENTES

Dino René Vivanco Vilches, en calidade de adxudicatario dunha instalación de tempada para dar servizo aos usuarios da praia de Mosqueiros, Castiñeiras, presentou un escrito no Rexistro Xeral deste Concello, de data 24 de maio de 2023 (entrada núm. 12.674), mediante o que solicita unha ampliación da superficie a ocupar coa terraza de 25 m².

O Concello de Ribeira tramitou no ano 2022 un expediente de licitación para a adxudicación de cinco postos para instalacións de tempada en terreos de titularidade municipal nas tempadas de verán 2022, 2023, 2024 e 2025. A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada



en data 13 de abril de 2022, adoptou o acordo de adxudicar os postos que se ofertaban o prego reitor do procedemento. Entre os postos adxudicados figura o denominado “Mosqueiros”, cunha superficie autorizada de 30 m², resultando adxudicatario Dino René Vivanco Vilches.

O posto referido require autorización autonómica para a súa instalación, xa que está localizado na zona de servidume de protección do Dominio Público Marítimo-Terrestre (en adiante D.P.M.T.).

O Servizo Municipal de Medio Ambiente emitiu informe, de data 26 de maio de 2023, favorable condicionado para a ampliación solicitada.

2. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E /OU TÉCNICAS

Establece o artigo 3 do *Decreto 97/2019, do 18 de xullo, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre*, ao referirse ás actuacións suxeitas a autorización autonómica en materia de costas, o seguinte:

“1. Con carácter ordinario e sen prexuízo do disposto noutra normativa sectorial que resulte de aplicación, na zona de servidume de protección, regulada na Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, soamente se autorizarán, de conformidade co planeamento urbanístico en vigor:

a) As obras, instalacións ou actividades que, pola súa natureza, non poidan ter outra localización, como establecementos de cultivo mariño ou salinas marítimas, aquelas que presten servizos necesarios ou convenientes para o uso do dominio público marítimo-terrestre, así como as instalacións deportivas descubertas. (...)”

Establece o artigo 91 da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia*, ao referirse á adaptación ao ambiente e protección da paisaxe, o seguinte: *“(...) b) Nos lugares de paisaxe aberto ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e peches, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezaas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia do mesmo ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.*

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e cores empregados deberán favorecer a integración no entorno inmediato e na paisaxe (...)”

O Concello de Ribeira asumiu a xestión administrativa das solicitudes de servizos de tempada (instalacións e servizos de formación e ensinanza) en D.P.M.T. para as tempadas 2023, 2024, 2025 e 2026. Na proposta en tramitación non se prevé a localización de ningunha instalación de tempada en D.P.M.T. a unha distancia inferior a 100 metros da localización prevista na instalación temporal de hostalería xa autorizada a Dino René Vivanco Vilches.

A ampliación solicitada agora, estimada en 25 m², efectuaríase sobre terreos de titularidade municipal, do paseo marítimo da praia de Mosqueiros, Castiñeiras, Ribeira, dentro da zona de servidume de protección do D.P.M.T.

A instalación de quioscos na vía pública réxese pola *Ordenanza Fiscal B.2.8 Reguladora da taxa pola instalación de quioscos na vía pública*.

3. RESOLUCIÓN



Visto o informe técnico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga, de data 15/12/2023, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA** autorizar a ampliación solicitada, coas seguintes condicións:

Ocupación/superficie.- O órgano municipal competente deberá acordar a autorización da ampliación solicitada, de 25 m² adicionais, en continuidade coa superficie xa autorizada, e sobre o paseo marítimo de titularidade municipal. A superficie máxima a ocupar será de 55 m², incluíndo a instalación pechada. Polo tanto cumprirase o establecido no artigo 21.b) do *Decreto 97/2019, do 18 de xullo, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre: "As instalacións terán unha ocupación máxima de 70 m², dos cales 20 m², como máximo, poderán destinarse a instalación pechada."*

Tránsito, accesibilidade e seguridade.- A nova zona a ocupar coa ampliación deberá garantir o libre tránsito de persoas polo paseo marítimo así como a accesibilidade á praia e ás prazas de aparcamento existentes. Deberá garantirse a utilización ou reparación de bocas de rego, tapas e rexistros de servizos, e outras instalacións que estivesen na súa área de ocupación.

Outras autorizacións.- O solicitante deberá obter autorización do Servizo de Urbanismo da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para a ampliación da superficie ocupada pola instalación xa que se localizaría na zona de servidume de protección do D.P.M.T.

Adaptación ao ambiente.- A instalación pretendida na zona de ampliación deberá garantir o cumprimento do establecido nos apartados b) e c) do artigo 91 da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia*.

Ruídos.- Estarase ao disposto na normativa aplicable: *Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído, Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, Ordenanza municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos e vibracións*.

Apertura.- De conformidade co previsto no artigo 24 da *Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia*, con carácter previo ao inicio da actividade ou da apertura do establecemento e, de ser o caso, para o inicio da obra ou instalación que se destine especificamente a unha actividade, os/as interesados/as presentarán ante o concello respectivo comunicación previa na cal poñerán en coñecemento da Administración municipal os seus datos identificativos e achegarán a documentación acreditativa dos requisitos esixibles para o exercicio da actividade ou para o inicio da obra e instalación.

Período.- O período de autorización cinguirase ás tempadas de verán para as que o solicitante resultou adxudicatario coa instalación dun posto para instalación de tempada en terreos de titularidade municipal no lugar de Mosqueiros (acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 13 de abril de 2022), quedando como período de actividade as tempadas 2024 e 2025.



11.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE:

23828 10.10.2023 MANUEL ANGEL NÚÑEZ GONZÁLEZ, cambio de cuberta, en Olveira de Arriba, 28, Olveira.
22004 22.09.2023 TOMÁS GÓMEZ SERÁNS, reforma para construción de garaxe, na rúa Romero Ortiz, 89, Ribeira.

12.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE:

23828 10.10.2023 MANUEL ANGEL NÚÑEZ GONZÁLEZ, cambio de cuberta, en Olveira de Arriba, 28, Olveira.
22004 22.09.2023 TOMÁS GÓMEZ SERÁNS, reforma para construción de garaxe, na rúa Romero Ortiz, 89, Ribeira.

13.- LICENZA MUNICIPAL para REFORMA E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR. LUGAR:-RÚA DA FONTE, Nº 22, CORRUBEDO, RIBEIRA. PROMOTORES: JOSÉ PARENTE MARTINEZ.

VISTA a solicitude de licenza de obra maior para **REFORMA E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR, NO LUGAR DE RÚA DA FONTE Nº 22, CORRUBEDO, RIBEIRA**, da que é promotor **D. José Parente Martínez**

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como o informe técnico favorable emitido polo **arquitecto municipal** de data **17 de outubro de 2023**, o informe emitido pola **enxeñeira municipal** o día **9 de novembro de 2023** en relación á fianza para responder pola reposición de pavimento nas beirarrúas ás que da fronte o solar, o informe do **técnico de administración xeral** de data **10 de novembro de 2023** e do **secretario xeral da Corporación** de data **20 de novembro de 2023**.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER a **D. José Francisco Parente Martínez** **LICENZA DE OBRAS (Nº 51/23)** para **REFORMA E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE** e sita na **Rúa da Fonte nº 22, Corrubedo, Ribeira**, en parcela con refª catastral nº 4238001MH9143N0001UZ, nos termos do Proxecto Básico asinado dixitalmente o día 18 de maio de 2023 redactado polo Sr. Sergio Lucio Paniccia, (arquitecto col. nº 1.451):



- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.
- Deberá adecuarse íntegramente á resolución favorable emitida pola Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación Formación Profesional e Universidades asinada dixitalmente o día 29 de agosto de 2022 polo xefe do servizo de coordinación cultural Sr. Severino Álvarez Monteserrín.
- Deberá depositar **unha fianza nas arcas municipais de 2.831,40 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza,** segundo informe da enxeñeira municipal para responder pola reposición de pavimento nas aceras ás que da fronte o solar.
- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra de Execución Material e Coordinación de Seguridade e Saúde.**

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá presentar a comunicación previa de primeira ocupación segundo o disposto pola Lei 7/2022 de 27 de decembro de medidas fiscais y administrativas que modifica a LSG, debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.
- Acta de recepción de edificio terminado.
- Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.
- Certificado de eficiencia enerxética.
- Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo.
- Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveis sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.



- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
 - Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
 - O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
 - Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Resíduos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
 - Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
 - A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.
 - A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
 - Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participará a data da súa iniciación.
 - As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
 - Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
 -
- s servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

O

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías,



foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÈTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos as súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

14.- LICENZA URBANÍSTICA PARA CONSTRUCCIÓN DE GALPÓN PARA ALMACÉN DE MAQUINARIA AGRÍCOLA. LOCALIZACIÓN: LUGAR DE A CEBOLEIRA, CORRUBEDO, RIBEIRA.
PROMOTORA: MARÍA JOSÉ PAZ FRANCO

VISTA a **solicitude** de licenza de obra maior para **CONSTRUCCIÓN DE GALPÓN PARA ALMACÉN DE MAQUINARIA AGRÍCOLA NO LUGAR DE A CEBOLEIRA, CORRUBEDO, RIBEIRA** da que é promotora **MARÍA JOSÉ PAZ FRANCO**.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como o **informe** emitido polo **arquitecto municipal** o día **22 de novembro de 2023**, o **informe** do **técnico de administración xeral** adscrito ao departamento de Urbanismo de data **14 de decembro de 2023** e o **informe** emitido polo **secretario xeral da Corporación** de data **14 de decembro de 2023**, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:



PRIMEIRO.- Conceder a **Dna. Sra. María José Paz Franco LICENZA DE OBRAS (Nº 52/23)** para **CONSTRUCCIÓN DE GALPÓN PARA ALMACÉN DE MAQUINARIA AGRÍCOLA**, no lugar de A Ceboleira, Corrubedo, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 4139711MH9143N0001LZ nos termos do Proxecto Técnico asinado dixitalmente o día 29 de xuño de 2023 redactado por D. Emilio José Domínguez Rodríguez, arquitecto técnico (col. 2.633):

- Deberá adecuarse integramente ao disposto polo artigo 39 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, e fágase constar no rexistro da propiedade a vinculación da superficie exixible á construción e ao uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e á edificabilidade impostas polo título habilitante de natureza urbanística.*
- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto Técnico** co preceptivo visado colexial.*
- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra** e de **Coordinación de Seguridade e Saúde** co preceptivo visado colexial.*

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza

TERCEIRO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de*



seguridade.

- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarse a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

CUARTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

QUINTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos as súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

OITAVO.-Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e



mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

15.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN A DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO EN RELACIÓN Á RESOLUCIÓN DE EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA EXPTE 2021/DISU000009.

FEITOS IMPUTADOS: Reconstrucción e ampliación de peche de mampostería sen o preceptivo título habilitante municipal e incumprindo a aliñación establecida no PXOM de Ribeira, polo que se atopan no réxime de fora de ordenación do artigo 90 da LSG, e tan só se poderían realizarse obras de conservación e mantemento.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado Ordenanza 6.3-A Residencial Extensiva Unifamiliar Illada.

REFª CATASTRAL: 15074A019009340000KK.

SITUACIÓN: Rúa da Igrexa nº 9 Castiñeiras, Ribeira.

INTERESADO/A - PRESUNTO/A RESPONSABLE DENUNCIADO/A: Sr. Andrés Romay Seráns (DNI 76.500.502-H) e Sra. Mª Dolores Argibay González.

INTERESADO/A - DENUNCIANTE: Sra. Mª Teresa Martínez Blanco (DNI 52.458.789-K).

INSTRUCTOR/A: Funcionario, Sr. José Martínez de Llano Orosa.

ÓRGANO COMPETENTE PARA A RESOLUCIÓN: A Xunta de Goberno Local de conformidade co Decreto de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local de data 14 de xullo de 2023.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

1º.- Vista a denuncia no exercicio da acción pública ao abeiro do artigo 62 do real decreto lexislativo 7/2015 do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da lei do solo e rehabilitación urbana, presentada pola Sra. Mª Teresa Martínez Blanco (DNI 52.458.789-K), rexistrada de entrada o día 10 de setembro de 2020, (Rexistro de entrada nº 11.326), mediante o que presenta denuncia urbanística co seguinte tenor literal:

“
(...)

Formula denuncia por ilegalidad urbanística contra Don Andrés Romay Seráns e Doña Mª Dolores Argibay González, ambos con domicilio en Castiñeiras, Rúa da Igrexa nº 9 al haber dichos denunciados construído un muro ilegal delante del garaje de su propiedad que tienen construído al otro lado de la vivienada que constituye su domicilio, ocupando y usurpando para si la porción de terreno público que habían dejado como retranqueo a la linde del frente de dicho galpón.

Lo que pone en conocimiento de dicho Concello al efecto de que procedan a incoar el correspondiente expediente de infracción o ilegalidad urbanística, se determine en el mismo el derribo de de dicha construcción ilegal y se procedan a imponer a los denunciados y demás personas que resulten responsables de las referidas infracciones, las sanciones que en derecho procedan.

(...)
“



2º.- Visto o informe emitido o día 27 de novembro de 2020 pola enxeñeira municipal Sra. Uxía Landeira Pereira tras xirar visita de inspección e no que sinala que o muro construído é ilegal e ilegalizabel por non respetar a aliñación establecida polo PXOM de Ribeira, co seguinte tenor literal:

“
(...)

Personados los servicios técnicos en el lugar de la denuncia, se encuentra que existe un cierre de mampostería, de unos 80 cm de altura, en la extrema de la parcela arriba referenciada. La parcela está afectada por un vial de 10,00 m recogido en el PXOM.

Tomadas varias medidas se encuentra que el muro se sitúa a 5,85 m del cierre de enfrente, y de un edificio construído con licencia. Según plano de cesión de dicho edificio, el cierre de enfrente tendría que estar construído a 10,00 m., estando su posición actual de modo incorrecto.

(...)
“

3º.- Visto como consecuencia do anterior, o Decreto de Alcaldía de data 29 de marzo de 2021, mediante o que se incoaba expediente de reposición da legalidade urbanística e ordenábase a súa instrución de conformidade co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxecto de que, previa audiencia do interesado, se adopte algún dos acordos dispostos no artigo 152.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia, e no artigo 382 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia, co seguinte tenor literal:

“
(...)

PRIMEIRO.- Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística motivado polas obras consistentes na execución dun peche de mampostería sen o título habilitante municipal, ilegal e ilegalizabel, en parcela con refª catastral nº 15074A019009340000KK sita na Rúa da Igrexa nº 9 Castiñeiras, Ribeira, incumprindo a aliñación establecida no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira sendo promotores o Sr. Andrés Romay Seráns e a Sra. Mª Dolores Argibay González.

SEGUNDO.- Notificar a presente resolución aos interesados, entendo como tal ao Sr. Andrés Romay Seráns así como á Sra. Mª Teresa Martínez Blanco, con indicación de que, conforme ó establecido na Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas dispón vostede dun prazo de 15 días hábiles contados a partir da notificación da presente para alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes e, se é o caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse. A estes efectos, ponse de manifesto o procedemento, estando á súa disposición o expediente nas dependencias de Urbanismo do Concello de Riveira.

TERCEIRO.- Comunicar aos interesados contra o acordo de incoación do expediente de reposición da legalidade, por ser un acto de trámite, non cabe recurso ningún, podendo o interesado únicamente, segundo a Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedimento



Administrativo Común das Administracións Públicas, alegar a súa oposición ó mesmo para a súa consideración na resolución que poña fin ó procedemento.

(...)

“

4º.- Visto en cumprimento do disposto no artigo 68 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, que a notificación do Decreto de inicio do expediente de reposición da legalidade practicouse ao Sr. Andrés Romay Seráns o día 31 de marzo de 2021 e á Sra. Mª Teresa Martínez Blanco o día 31 de marzo de 2021, emprazándose aos interesados para o trámite de audiencia.

5º.- Vista a alegación presentada en cumprimento do artigo 68 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas polo Sr. Andrés Romay Seráns e pola Sra. Mª Dolores Argibay González en escrito de día 23 de abril de 2021, (Rexistrado de entrada no Concello nº 6.309).

6º.- Vistos os antecedentes obrantes no expediente, o arquitecto municipal Martín Cerrada Álvarez xira visita de inspección tras a que emite informe técnico con sinatura dixital de día 11 de febreiro de 2022 co seguinte tenor literal:

“

(...)

INFORME DE INSPECCIÓN

Exp.: 2021 DISU000009

O xefe de servizo de Urbanismo mandou inspeccionar o estado do peche sito na rúa da Igrexa núm.6, Castiñeiras, a través do programa de xestión de expedientes electrónicos SWALL con data 07.02.2022, polo que Informo,

1. ANTECEDENTES

Informe da enxeñeira municipal con data 27.11.2020 ,do que se desprende que o peche denunciado non respecta as aliñacións do PXOM

Incócase procedemento de reposición da legalidade das obras mediante Decreto do Alcalde con data 29.03.2021 (Código único de identificación do documento na sede electrónica do Concello de Ribeira, CSV: 07E5000A038500H8O4W4Z5N7H1).

Alegación do denunciado presentada no rexistro xeral do Concello co núm. 202100006309.

2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase sobre o resultado da inspección realizada á parcela de referencia con data 10.02.2022 e a súa situación urbanística.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación da Edificación, en adiante LOE

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Inspección da obra

Na visita de inspección, realizada ás 11:50 horas do día 10.02.2022 recolléronse os seguintes datos:

- Referencia catastral da parcela: 15074A019009340000KK
- Tipo de Obra: Peche dunha parcela

O estado das obras apreciase nas seguintes imaxes realizadas durante a inspección:





Por outra banda, consultouse o estado previo do peche, a través das seguintes imaxes do Street view do Google Maps de marzo do 2010:



4.2. Normativa urbanística



A parcela onde se realizou a obra atópase en solo urbano (S.U.), segundo o PXOM de Ribeira, no seu plano 2.17, de Ordenación básica do territorio municipal, clasificación do solo e usos globais, a escala E:1/5000 e coa ordenanza de aplicación núm.6.3.A. segundo o plano 4.13, de Clasificación e Cualificación do solo e aliñacións en núcleos urbanos (Castiñeiras), a escala E:1/2000.

O PXOM de Ribeira non se atopa adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e segundo a DT1ª.2.a. da LSG, ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no art.17.a. da LSG aplicaráselle o disposto nela para o solo urbano consolidado.

A parcela contaba cun peche en malas condicións formado por dous tramos:

- Un tramo de peche de pedra paralelo ao viario público
- Un tramo de peche de fábrica perpendicular ao viario público

Os dous tramos do peche existente atópanse afectados polas aliñacións do viario público ao que da fronte á parcela segundo o plano 4.13 do PXOM, polo que se atopan no réxime de fora de ordenación regulado polo art.90.1. da LSG, e tan só poderán realizarse obras de conservación e mantemento da dita construción.

Na alegación presentada, achégase unha foto do estado do peche no 2008 (doc.2 da alegación), que se corresponde co estado do dito peche en 2010 segundo as imaxes do Street view do Google Maps. Ademais, recoñécese a realización de obras no peche en agosto de 2020.

Tendo en conta o estado previo do muro e a información obtida na visita de inspección, como se observa nas fotografías incorporadas a este informe, comprobouse que as obras realizadas polo interesado exceden as de conservación e mantemento permitidas, xa que consistiron na reconstrución e ampliación do muro existente. Desta forma, as ditas obras non son legalizables e segundo o art.152.3.a. da LSG procede acordar a demolición do conxunto do peche resultante tras as obras realizadas, á custa do interesado.

5. CONCLUSIÓN

Polo tanto, á vista das consideracións expostas infórmase que **procede acordar a demolición** do conxunto do peche resultante tras as obras realizadas á custa do interesado, segundo se establece na consideración 4.2. deste informe.

O arquitecto municipal

Martín Cerrada Álvarez
(documento asinado dixitalmente)

(...)
“

7º.- Visto o informe emitido polo técnico de administración xeral adscrito ao departamento de urbanismo José Martínez de Llano Orosa con sinatura dixital de día 21 de febreiro de 2022.

8º.- Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de día 24 de febreiro de 2022, co seguinte tenor literal:

“
(...)

PRIMEIRO.- Declarar que as obras e actuacións realizadas polos interesados consistentes na reconstrución, ampliación e consolidación de dous tramos de peche sito en parcela con refª catastral nº 15074A019009340000KK e afectados polas aliñacións do viario público, sen o título habilitante municipal, exceden as de conservación e mantemento permitidas do muro existente, de tal forma que, as ditas obras non son legalizables e segundo o art.152.3.a. da LSG procede acordar a demolición do conxunto do peche resultante tras as obras realizadas, á custa do interesado.



SEGUNDO.- Ordenar ao Sr. Andrés Romay Seráns e á Sra. M^a Dolores Argibay González a demolición do conxunto do peche resultante formado por dous tramos, un tramo de peche de pedra paralelo ao viario e un tramo de peche de fábrica perpendicular ao viario afectados polas aliñacións do viario público ao que da fronte á parcela segundo o plano 4.13 do PXOM, así como ao cese definitivo dos usos aos que desen lugar.

A orde de demolición deberá ser executada no prazo de tres meses a contar desde a notificación da presente resolución, dando conta ao Concello de Ribeira mediante comunicación previa.

TERCEIRO.- Apercibir aos obrigados de que no caso de incumprimento da orde de demolición no prazo sinalado procederase á súa execución subsidiaria ou á súa execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables mensualmente ata lograr a execución polo suxeito obrigado, en contía de 1.000 a 10.000 euros cada unha, conforme ao disposto polo artigo 152 da LSG.

CUARTO.- Poñer os feitos en coñecemento do Ministerio Fiscal aos efectos de esixencia das responsabilidades de orde penal en que pudieran incurrir os infractores, de conformidade co disposto no artigo 56 do Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.

QUINTO.- Notificar a presente resolución aos interesados entendo como tal ao Sr. Andrés Romay Seráns Sra. M^a Dolores Argibay González e á Sra. M^a Teresa Martínez Blanco.

6º.- A notificación da citada Resolución practicouse ao Sr. Andrés Romay Seráns Sra. M^a Dolores Argibay González e á Sra. M^a Teresa Martínez Blanco na data 25 de febreiro de 2022.

7º.- Notificado este emprazamento os Sres. Sr. Andrés Romay Seráns e M^a Dolores Argibay González presenta recurso de reposición contra a citada resolución escrito presentado na data 23 de marzo de 2022, (Rexistro de entrada nº 5.390).

8º.- Visto o informe técnico en relación ao recurso de reposición emitido pola arquitecta técnica municipal Nuria Morgade Pouso con sintaura dixital de 27 de outubro de 2023 co seguinte tenor literal:

“
(...)

INFORME TÉCNICO – DISCIPLINA URBANÍSTICA

Nº exp.: 2021/DISU000009

Nuria Morgade Pouso, arquitecta técnica municipal do Concello de Ribeira (A Coruña), con motivo da denuncia presentada por **Dña. María Teresa Martínez Blanco**, e en cumprimento do disposto no artigo 152 e seguintes da Lei 2/2016, de 9 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), emito o presente informe aos efectos de resolver as alegacións presentadas, en cumprimento do art. 381 do RLSG

01.01.DATOS DA PERSOA/S PROMOTORA/S:

Nome/razón social: Andrés Romay Seráns NIF: 76500502-H

Nome/razón social: María Dolores Argibay González NIF: 33216452-J

01.02.DATOS DA PERSOA/AS DENUNCIANTE/S:



Nome/razón social: María Teresa Martínez Blanco NIF: 52458789-K

02.DATOS DAS PARCELAS

Localización: Rúa da Igrexa (Castiñeiras).

Ref. Catastral: 15074A01900934

Plano do PXOM: Planos nº 2.17 e nº 4.13 do PXOM de Ribeira; Folla 0151A-0507 do PBA

03.ANTECEDENTES E DOCUMENTACIÓN

03.01. O día 10.09.2020, formúlase denuncia por parte de Dña. María Teresa Martínez Blanco (RE.: 11326), pola construción ilegal dun peche diante dun garaxe da súa propiedade, ocupando terreo público que se había deixado como retranqueo ao linde na fronte de dito galpón. Axúntanse co escrito imaxes do peche.

03.02. No día 26.03.2021, axúntase ao expediente informe da Enxeñeira municipal, no que tras realizar visita de inspección, constata a existencia dun peche de mampostería, de 80 cm de altura, na extrema da parcela. Así mesmo fai constar que a parcela está afecta por unha vía de 10,00 m proxectada polo PXOM. Logo de realizar varias medicións, conclúese que o peche se atopa a 5,85 m do peche do outro extremo da calzada e dun edificio construído con licenza. Segundo plano de cesión de dito edificio, o peche tería que estar a 10,00 m do peche do outro extremo da estrada, atopándose a súa situación actual de xeito incorrecto.

03.03. Con data do 29.03.2021, emítese Decreto da Alcaldía nº 2021/202103/418, polo que se da INICIO DE EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE DU 2/21, pola construción dun peche de mampostería sen o preceptivo título habilitante municipal e incumprindo a aliñación establecida no PXOM de Ribeira.

03.04. Con data do 23.04.2021 (RE.: 6309), preséntase por parte da persoa promotora, un escrito de alegacións, axuntando ao expediente a seguinte documentación:

-Documentación relativa ao estado do peche no ano 2017 (pertencente a un proceso contencioso administrativo por unha propiedade colindante).

03.05. O día 11.02.2022, emítese informe por parte do Arquitecto municipal, no que se observan imaxes do peche no seu estado reformado (actual) no que se pon de manifesto o seguinte:

A parcela contaba cun peche en malas condicións formado por dous tramos:

-Un tramo de peche de pedra paralelo ao viario público

-Un tramo de peche de fábrica perpendicular ao viario público

Os dous tramos do peche existente atópanse afectados polas aliñacións do viario público ao que da fronte á parcela segundo o plano 4.13 do PXOM, polo que se atopan no réxime de fora de ordenación regulado polo art.90.1. da LSG, e tan só poderán realizarse obras de conservación e mantemento da dita construción.

Na alegación presentada, achégase unha foto do estado do peche no 2008 (doc.2 da alegación), que se corresponde co estado do dito peche en 2010 segundo as imaxes do Street view do Google Maps.

Ademais, recoñécese a realización de obras no peche en agosto de 2020.

*Tendo en conta o estado previo do muro e a información obtida na visita de inspección, como se observa nas fotografías incorporadas a este informe, comprobouse que **as obras realizadas polo interesado exceden as de conservación e mantemento permitidas, xa que consistiron na reconstrución e ampliación do muro existente.** Desta forma, as ditas obras non son legalizables e segundo o art.152.3.a. da LSG procede acordar a demolición do conxunto do peche resultante tras as obras realizadas, á custa do interesado.*

5. CONCLUSIÓN

Polo tanto, á vista das consideracións expostas infórmase que procede acordar a demolición do conxunto do peche resultante tras as obras realizadas á custa do interesado, segundo se establece na consideración 4.2. deste informe.

03.06. O día 21.02.2022, emítese informe xurídico por parte do Técnico da Administración Xeral en materia de urbanismo, no que se realiza a seguinte **PROPOSTA-RESOLUCIÓN**:

Polo anteriormente exposto dos antecedentes obrantes no expediente, e visto oinforme técnico emitido polo arquitecto municipal Martín Cerreda Álvarez tras xirar visita de inspección con sinatura dixital de día 11 de febreiro de 2022, visto o artigo 382 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento



da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia e de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o técnico que subscribe propón a Xunta de Goberno Local, **ACORDAR:**

PRIMEIRO.- Declarar que as obras e actuacións realizadas polos interesados consistentes na reconstrucción, ampliación e consolidación de dous tramos de peche sito en parcela con refª catastral nº 15074A019009340000KK e afectados polas aliñacións do viario público, sen o título habilitante municipal, exceden as de conservación e mantemento permitidas do muro existente, de tal forma que, as ditas obras non son legalizables e segundo o art.152.3.a. da LSG procede acordar a demolición do conxunto do peche resultante tras as obras realizadas, á custa do interesado.

SEGUNDO.- Ordenar ao Sr. Andrés Romay Seráns e á Sra. Mª Dolores Argibay González a demolición do conxunto do peche resultante formado por dous tramos, un tramo de peche de pedra paralelo ao viario e un tramo de peche de fábrica perpendicular ao viario afectados polas aliñacións do viario público ao que da fronte á parcela segundo o plano 4.13 do PXOM, así como ao cese definitivo dos usos aos que desen lugar.

A orde de demolición deberá ser executada no prazo de tres meses a contar desde a notificación da presente resolución, dando conta ao Concello de Riveira mediante comunicación previa.

TERCEIRO.- Apercibir aos obrigados de que no caso de incumprimento da orde de demolición no prazo sinalado procederase á súa execución subsidiaria ou á súa execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables mensualmente ata lograr a execución polo suxeito obrigado, en contía de 1.000 a 10.000 euros cada unha, conforme ao disposto polo artigo 152 da LSG.

CUARTO.- Poñer os feitos en coñecemento do Ministerio Fiscal aos efectos de esixencia das responsabilidades de orde penal en que pudieran incurrir os infractores, de conformidade co disposto no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.

QUINTO.- Notificar a presente resolución aos interesados entendo como tal ao Sr. Andrés Romay Seráns Sra. Mª Dolores Argibay González e á Sra. Mª Teresa Martínez Blanco.

03.07. No día 24.02.2022, axúntase ao expediente Certificación do acordo adoptado en Xunta de Goberno Local, celebrada en sesión ordinaria con data do 24.02.2022, en relación á resolución do expediente de reposición da legalidade urbanística DU/21, que versa sobre o seguinte:

(...) A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar que as obras e actuacións realizadas polos interesados consistentes na reconstrucción, ampliación e consolidación de dous tramos de peche sito en parcela con refª catastral nº 15074A019009340000KK e afectados polas aliñacións do viario público, sen o título habilitante municipal, exceden as de conservación e mantemento permitidas do muro existente, de tal forma que, as ditas obras non son legalizables e segundo o art.152.3.a. da LSG procede acordar a demolición do conxunto do peche resultante tras as obras realizadas, á custa do interesado.

SEGUNDO.- Ordenar ao Sr. Andrés Romay Seráns e á Sra. Mª Dolores Argibay González a demolición do conxunto do peche resultante formado por dous tramos, un tramo de peche de pedra paralelo ao viario e un tramo de peche de fábrica perpendicular ao viario afectados polas aliñacións do viario público ao que da fronte á parcela segundo o plano 4.13 do PXOM, así como ao cese definitivo dos usos aos que desen lugar. A orde de demolición deberá ser executada no prazo de tres meses a contar desde a notificación da presente resolución, dando conta ao Concello de Riveira mediante comunicación previa.

TERCEIRO.- Apercibir aos obrigados de que no caso de incumprimento da orde de demolición no prazo sinalado procederase á súa execución subsidiaria ou á súa execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables mensualmente ata lograr a execución polo suxeito obrigado, en contía de 1.000 a 10.000 euros cada unha, conforme ao disposto polo artigo 152 da LSG.

CUARTO.- Poñer os feitos en coñecemento do Ministerio Fiscal aos efectos de esixencia das responsabilidades de orde penal en que pudieran incurrir os infractores, de conformidade co disposto no artigo 56 do Real Decreto



Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.

QUINTO.- Notificar a presente resolución aos interesados entendo como tal ao Sr. Andrés Romay Seráns, Sra. M^a Dolores Argibay González e á Sra. M^a Teresa Martínez Blanco.

03.08. No día 23.03.2022 (RE.: 5390), preséntase por parte da persoa interesada, un RECURSO DE REPOSICIÓN contra a citada resolución.

04.NORMATIVA APLICABLE.

- **Plan Xeral de Ordenación de Ribeira**, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal de Ribeira en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, na súa vixente redacción, en adiante PXOM.
- **Lei 2/2016**, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG.
- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG.
- Decreto 213/2007, do 31 de outubro, polo que se aproban os estatutos da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.
- Resolución do 30 de xaneiro de 2018, pola que se ordena a publicación do Convenio de adhesión do Concello de Ribeira.
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia, en adiante PBA.
- Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, en adiante, LEPARG.
- Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e competitividade económica de Galicia,
- Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.
- Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación de Edificación (LOE).
- Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas, en adiante LC.
- Lei 2/2013, de 29 de maio, de protección e uso sostible do litoral e de modificación da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas.
- Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas, en adiante RC.
- Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia, en adiante POL.
- Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Augas, en adiante TRLA.
- Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do Dominio Público Hidráulico, que desenrola os títulos preliminar, I, IV, V, VI e VII da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de Augas, en adiante RDPH.
- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, en adiante LEG.
- Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia.
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, en adiante LPCG.
- Lei 1/2019, do 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.
- Lei 42/2007, do 13 de novembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.
- Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia.
- Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación dos lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.
- Código Técnico da Edificación, (CTE) aprobado polo Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo; coas modificacións introducidas.



- Real Decreto 1371/2007, de 19 de outubro, polo que se aproba o documento básico “DB-HR Protección fronte ó ruído” do CTE e se modifica o Real Decreto 314/2006,
- Real Decreto 1675/2008 de 17 de outubro, polo que se modifica o Real Decreto 1371/2007,
- Orde de VIV/984/2009, de 15 de abril, pola que se modifican determinados documentos básicos do CTE e o Real Decreto 1371/2007 de 19 de outubro,
- Real Decreto 173/2010, de 19 de febreiro, polo que se modifica o CTE en materia de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade,
- Real Decreto 410/2010 de 31 de marzo, polo que se desenvolven os requisitos esixibles ás entidades de control de calidade da edificación e aos laboratorios de ensaios para o control de calidade da edificación, para el exercicio de súa actividade,
- Orde FOM/1635/2013, de 10 de setembro, pola que se actualiza o Documento Básico DB-HE “Aforro de Enerxía”, do CTE.
- As demais normas que sexan de aplicación, nomeadamente a lexislación vixente sobre o réxime do solo e a ordenación urbana.

05. INFORME

05.01. Réxime urbanístico:

O concello de Ribeira posúe un PXOM, o cal foi aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal o día 17.12.2002, e polo tanto, non se atopa adaptado á Lei 9/2002.

A parcela atópase clasificada como solo urbano de **Ordenanza 6.3.A.- Residencial extensiva unifamiliar illada** (art. 157 PXOM de Ribeira).

De conformidade coa Tst. 1ª da LSG, apdo. 2 a) da LSG, ao solo urbano que reúna os requisitos do art. 17 a), aplicaráselle o disposto na LSG para o solo urbano consolidado.

Segundo a cartografía do PBA, a parcela atópase na zona de policía de augas de 100 m (art. 6 RDPH)

05.02. Obras denunciadas:

Trátase da demolición dun peche existente, para a súa posterior reconstrución, nunha zona reservada para viario polo PXOM de Ribeira.

A parcela contaba cun peche en malas condicións formado por dous tramos:

- Un tramo de peche de pedra paralelo ao viario público
- Un tramo de peche de fábrica perpendicular ao viario público

05.03. Normativa urbanística de aplicación:

Os dous tramos do peche existente atópanse afectados polas aliñacións do viario público ao que da fronte á parcela segundo o plano 4.13 do PXOM, polo que se atopan no réxime de fora de ordenación regulado polo art.90.1. da LSG, e tan só poderán realizarse obras de conservación e mantemento da dita construción.

Na alegación presentada o día 23.04.2021 (RE.: 6309) , achégase unha foto do estado do peche no 2008 (doc.2 da alegación), que se corresponde co estado do dito peche en 2010 segundo as imaxes do Street view do Google Maps. Ademais, recoñécese a realización de obras no peche en agosto de 2020. Tendo en conta o estado previo do muro e a información obtida na visita de inspección, como se observa nas fotografías incorporadas a este informe, comprobouse que **as obras realizadas polo interesado exceden as de conservación e mantemento permitidas**, xa que consistiron na **reconstrución e ampliación do muro existente**. Desta forma, as ditas obras non son legalizables e segundo o art.152.3.a. da LSG procede acordar a **demolición do conxunto do peche** resultante tras as obras realizadas, á custa do interesado.

05.04. Análise das cuestións suscitadas no Recurso Potestativo de Reposición (RE.: 5390)

“PRIMEIRO.- OBJETO DEL RECURSO DE REPOSICIÓN”

Recoñécese no informe de inspección urbanística a existencia do peche e que o mesmo se atopa na situación de fora de ordenación.



Sen embargo, conclúe que as labores de conservación efectuadas non se adecúan ao permitido para dito réxime de fora de ordenación, e acórdase ordear a demolición.

Segundo a recorrente, non se produciu unha ampliación do peche; e argumentan que as obras son legalizables.

En resposta disto, vese con toda claridade que o peche sufriu distintas alteracións, entre elas un aumento de altura, polo tanto desestímase a alegación anterior.

“SEGUNDA.-REALIDAD DE LOS HECHOS Y PRUEBA OBRANTE EN EL EXPEDIENTE DU/21”

Alegan que se trata de obras de conservación dado que se empregaron as mesmas pedras que o conformaban con anterioridade para o peche tradicional, e nomean as imaxes de 2008 e 2010, no cal se ve o estado no que estaba o mesmo.

Recoñecen que o peche estaba danado e mal conservado. Amosan outra fotografía do peche dende outra perspectiva, no que se comproba efectivamente o seu mal estado.

O peche frontal tratábase dun peche de carácter tradicional.

A continuación amósase o peche no seu estado reformado, no que se observa que malia empregar posiblemente o material existente, non amosa a mesma traba nin tipoloxía, e non presenta unha forma irregular como cabe esperar dun peche tradicional, se non que se trata dun peche con argamasa entre as súas pedras e cunha morfoloxía máis regular.

Segundo o alegante, ao empregar a mesma pedra trátase do mesmo peche, afirmación que é falsa, xa que como acabo de dicir, o peche non amosa a mesma traba, tipoloxía, e conta con argamasa de unión entre as súas pezas (VER ANEXO FOTOGRÁFICO).

Afirman que a aseveración de que o peche se aumentou en altura debe ser repostada. Esta petición non ten obxecto, xa que na zona do poste se observa con toda claridade como o peche acada máis altura da que tiña nun primeiro momento.

Tamén se basan en que o peche se atopa no mesmo lugar, cuestión que é relevante na medida en que ao ter desmontado o peche na súa totalidade, debería terse construído respectando o retranqueo establecido polas aliñacións.

“TERCERA.- ADECUACIÓN DE LAS ACTUACIONES REALIZADAS AL RÉGIMEN DEL ART. 90 LSG”

Neste momento remítese ao contido do art. 90.1 da LSG, no que se establece que os edificios, construcións e instalacións erixidos con anterioridade á aprobación definitiva do planeamento urbanístico que resulten incompatibles coas súas determinacións por estar afectados por viais, zonas verdes, espazos libres, dotacións ou equipamentos públicos quedarán incursos no réxime de fora de ordenación.

Nestos edificios, construcións e instalacións poderá manterse o uso preexistente, en todo caso, incluso si se trata de usos non permitidos pola ordenanza ou normativa urbanística vixente, e so poderán realizarse neles obras de **conservación** e as necesarias para o **mantemento** do uso preexistente.

Polo tanto tratan de argumentar si se trata de obras de conservación e mantemento.

Alude o alegante á Sentenza nº 444/2019 do 20 de setembro JUR 2019/286959, na que se fala dunhas obras nas que se realizou unha demolición, de xeito que a estrutura é nova, cambia a volumetría, o sistema construtivo orixinal (no lugar de peches de pedra de mampostería se realizaron peches de formigón). Unha vez desaparecida a edificación, é imposible realizar obras de mera conservación.

Para o caso anterior, argumentan que o peche non desapareceu: afirmación falsa, xa que eles mesmos recoñecen que o peche estaba en mal estado, coas súas pezas derrubadas na súa parte frontal, e no seu lugar apareceu un peche con argamasa entre as súas pezas, colocadas de distinto xeito que as orixinais, e un peche lateral con distinto material e altura.

Afirman que o peche non cambiou na súa volumetría nin o sistema construtivo, afirmación novamente falsa, xa que no peche frontal móstrase un cambio na súa volumetría, e o que anteriormente semellaba ser un peche de traba tradicional agora se trata cun peche que nada tiña que ver co que había nun principio, empregando outro sistema construtivo distinto.



Segundo a **Resolución do 31 de agosto de 2016, da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, pola que se inclúe non Censo do patrimonio cultural a técnica tradicional da construción coa pedra en seco como manifestación do patrimonio cultural inmaterial**, establece que

“A técnica tradicional da construción coa **pedra en seco** conforma, sen dúbida, un dos exemplos de técnicas, coñecementos e usos máis relevantes das formas de vida tradicional e a relación das comunidades co medio para a creación da súa paisaxe. O coñecemento do material, o desenvolvemento dos procesos axeitados para a súa selección e transporte e a habilidade para a construción de estruturas estables e permanentes posúen unhas características propias e recoñecibles, ademais de posuír unha beleza estética propia do tectónico e o creativo.”

Entre as definicións do Anexo I de dita resolución, compre destacar a seguinte:

“2. Definición: técnica tradicional de construción con pedra, **sen labra ou cun traballo de regularización máis ou menos rudimentario**, combinando entre si pezas de diferentes tamaños e mesmo características, con múltiples combinacións en función do material usado e os seus requirimentos funcionais, **pero sen aglomerantes nin adhesivos de ningún tipo**, polo que estruturalmente funcionan pola súa masa e o equilibrio e habilidade na súa disposición e combinacións.”

É tecnicamente imposible que o peche adquirise aglomerantes entre as súas pezas sen haber sido desmontado na súa totalidade, polo tanto trátase dun peche distinto, cun sistema construtivo diferente (tendo sido empregado aglomerado e no que se modificou unha traba rudimentaria pola colocación de pezas máis aliñadas, e que a maior abundamento se lle practicou un aumento da súa altura orixinal.

Así mesmo, debe entenderse que calquera peche que se separe da definición anterior, non se trata dun peche de carácter tradicional e polo tanto non amosa as características que xustifican a súa reconstrución, habendo unha afección como poden ser unhas aliñacións do PXOM.

Aínda que o peche tivese as características que propiciasen a súa conservación, compre citar o art. 38 apdo.2º do PBA:

Os peches de fábrica de carácter tradicional serán obxecto de conservación a non ser que queden afectados por algunha determinación contraria no planeamento, tendo en conta o establecido no artigo 46 da Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia (LPCG).

En canto ao peche lateral, obsérvase nas imaxes un cambio nos seus materias e volumetría (VER ANEXO FOTOGRÁFICO).

O RLSG, contén un apartado de definicións no seu ANEXO, entre as que se atopan as seguintes:

b) *Obras de mantemento: actividades cotidianas, continuas o periódicas, de escasa complexidade técnica realizadas sobre el soporte material del inmueble para que se mantengan sus características, funcionalidad y longevidad, sin que se produzca ninguna sustitución o introducción de nuevos elementos.*

c) *Obras de conservación: medidas y acciones dirigidas a que los inmuebles conserven sus características y sus elementos en adecuadas condiciones, que no afecten a su funcionalidad, a sus características formales o a su soporte estructural, por lo que no supondrán la sustitución o la alteración de sus principales elementos estructurales o de diseño.*

As obras realizadas en ambos treitos do peche non se axustan ás definicións anteriores, e polo tanto exceden das obras de conservación e mantemento permitidas.

“CUARTA.- INFRACCIÓN DEL PRINCIPIO DE PROPORCIONALIDAD”

Manifesta o infractor que a demolición do conxunto do peche resulta desproporcionada, ao tratarse dun peche tradicional e que atenta contra os valores etnográficos na zona.

Como xa vimos anteriormente, é a **Resolución do 31 de agosto de 2016, da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, pola que se inclúe non Censo do patrimonio cultural a técnica tradicional da construción coa pedra en seco como manifestación do patrimonio cultural inmaterial** a única na que se define como é un peche de carácter tradicional, e o peche obxecto deste expediente non amosa as súas características.

Tamén se argumenta que a demolición do peche non permite que a vía pública cumpra as previsións que se establecen no PXOM, xa que non se poden retransmitir tódalas construcións no núcleo en que se sitúa.



Este último argumento carece de todo fundamento, xa que as prescricións dun PXOM son disposicións de carácter xeral e nada escusa o seu incumprimento, con independencia de que as súas previsións ou os obxectivos propostos poidan ser materializados ou non.

“ QUINTA.- INTERVENCIÓN MÍNIMA EN EL ÁMBITO PENAL”

Refírese a que na Resolución recaída se acorda poñer os feitos en coñecemento do Ministerio Fiscal en virtude do disposto no art. 56 do RDL 7/2015 do 30 de outubro polo que aproba a Lei do Solo Estatal, e argumenta que esta disposición normativa non ten o carácter de básica.

Este extremo trátase dunha cuestión xurídica que non é obxecto deste informe, no que se procede a valorar exclusivamente as cuestións de índole técnica.

06. CONCLUSIONES

06.01. Logo da análise de todos e cada un dos extremos contemplados no recurso potestativo de reposición, procédese a **rexeitar todos e cada un dos puntos alegados no recurso potestativo de reposición, a excepción da QUINTA**, cuestión que deberá ser valorada polos técnicos en materia xurídica municipais.

06.02. Sen prexuízo do anterior, procede continuar co procedemento de reposición da legalidade urbanística, **ordeando a demolición da totalidade do peche** a custa do interesado.

O presente informe contén a miña opinión, segundo o meu leal saber e entender, a cal someto a calquera outra mellor formada. Ten carácter exclusivamente técnico, sen prexuízo do que se formule en calquera outro informe ou requisito que se considere necesario para o axuste da actuación pretendida á legalidade vixente.

Ribeira, na data da sinatura dixital

A arquitecta técnica municipal,

Nuria Morgade Pouso

ANEXO FOTOGRÁFICO- Fotografía 1_ estado reformado do peche, imaxe do informe de inspección do Arquitecto municipal

- Fotografía 2_ estado reformado do peche, imaxe do informe de inspección do Arquitecto municipal
- Fotografía 3_ estado primitivo do peche, data de marzo do 2010 (<https://www.google.es/maps>)
- Fotografía 4_ estado primitivo do peche, data de marzo do 2010 (<https://www.google.es/maps>)
- Fotografía 5_ imaxes do informe de inspección do Arquitecto municipal, que amosan o estado inicial do peche
- Fotografía 6_ exemplos de peche coa traba en seco_Guía de caracterización e integración paisaxística de valados

ANEXO FOTOGRÁFICO

Na visita de inspección, realizada ás 11:50 horas do día 10.02.2022 recolléronse os seguintes datos:

- Referencia catastral da parcela: 15074A019009340000KK
- Tipo de Obra: Peche dunha parcela

O estado das obras apreciase nas seguintes imaxes realizadas durante a inspección:



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E70012B0E800S9H1I5A6Q911 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARTIN CERREDA ALVAREZ-Arquitecto municipal - 11/02/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 11/02/2022 17:31:11

EXPEDIENTE:
2010SU000099
Fecha: 26/03/2021
Hora: 00:00
Und. reg. REGISTRO GENERAL

1/3

CSV: 07E600C8CF00N3X1J111T1E2

Fotografía 1_ estado reformado do peche, imaxe do informe de inspección do Arquitecto municipal





Por outra banda, consultouse o estado previo do peche, a través das seguintes imaxes do Street view do Google Maps de marzo do 2010:

Fotografía 2_ estado reformado do peche, imaxe do informe de inspección do Arquitecto municipal




Fotografía 3_ estado primitivo do peche, data de marzo do 2010 (<https://www.google.es/maps>)



Fotografía 4_ estado primitivo do peche, data de marzo do 2010 (<https://www.google.es/maps>)





Fotografía 5_ imaxes do informe de inspección do Arquitecto municipal, que amosan o estado inicial do peche



VALADO DE CACHOTERÍA DE GRANITO



USOS ASOCIADOS: MÚLTIPLES

ALTURA: varias

MATERIAIS:
pedra de granito

DESCRIPCIÓN:
Estes muros caracterízanse por pezas de pequeno tamaño, de 15 a 20cms. Colocados tradicionalmente sen argamasa. Trátase, en xeral, de construcións de alta calidade tanto material como compositiva, as pedras colocadas a oso, en seco, conforman valados con alturas entre os 40 – 80cm nos muros baixos e 80 a 120cm nos altos.

OBSERVACIÓNS:
Hoxe este tipo de valados de construción tradicional de xunta seca atópanse protexidos pola lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia.

- 193 -

Fotografía 6_ exemplos de peche coa traba en seco_Guía de caracterización e integración paisaxística de valados

Ribeira, na data da sinatura dixital

A arquitecta técnica municipal,

Nuria Morgade Pouso

(...)

CSV: 07E70012B0E800S9H1I5A6Q9I1



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E70012B0E800S9H1I5A6Q9I1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 22/12/2023 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 26/12/2023 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 26/12/2023 09:32:58

DOCUMENTO: 20231224936
Fecha: 26/12/2023
Hora: 09:32



“

FEITOS PROBADOS

PRIMEIRO.- O departamento de urbanismo do Concello de Ribeira levou a cabo actuacións previas para coñecer as circunstancias do caso segundo o artigo 378 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (RLSG), e da investigación realizada resultan como probados os seguintes feitos:

Primeiro.- O Sr. Andrés Romay Seráns (DNI 76.500.502-H) e a Sra. M^a Dolores Argibay González levaron a cabo as obras consistentes na reconstrución, ampliación e consolidación dun peche de mampostería sen o título habilitante municipal incumprindo a aliñacións do viario público ao que da fronte á parcela establecida no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Ribeira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, en parcela con ref^a catastral nº 15074A019009340000KK sita na Rúa da Igrexa nº 9 Castiñeiras, Ribeira.

Segundo.- A parcela de referencia con ref^a catastral nº 15074A019009340000KK contaba cun peche en malas condicións formado por dous tramos, un tramo de peche de pedra paralelo ao viario público e un tramo de peche de fábrica perpendicular ao viario público. Os dous tramos do peche existente atópanse afectados polas aliñacións do viario público ao que da fronte á parcela segundo o plano 4.13 do PXOM, polo que se atopan no réxime de fora de ordenación regulado polo art.90.1. da LSG, e tan só poderán realizarse obras de conservación e mantemento da dita construción.

Terceiro.- Na alegación presentada, achégase unha foto do estado do peche no 2008 (doc.2 da alegación), que se corresponde co estado do dito peche en 2010 segundo as imaxes do Street view do Google Maps. Ademais, recoñécese a realización de obras no peche en agosto de 2020. Tendo en conta o estado previo do muro e a información obtida na visita de inspección, como se observa nas fotografías incorporadas a este informe, comprobouse que as obras realizadas polo interesado exceden as de conservación e mantemento permitidas, xa que consistiron na reconstrución e ampliación do muro existente. Desta forma, as ditas obras non son legalizables e segundo o art.152.3.a. da LSG procede acordar a demolición do conxunto do peche resultante tras as obras realizadas, á custa do interesado.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- Establece o artigo 152.1 da LSG que cando se estea realizando algún acto de uso do solo ou do subsolo sen o título habilitante exigible en cada caso ou sen axustar ás condicións sinaladas nela, a persoa titular da alcaldía dispoñerá a suspensión inmediata dos devanditos actos e procederá a incoar o expediente de reposición da legalidade, comunicándolo ao interesado.

2.- Corresponde ao Sr. Alcalde de Ribeira co acordo de suspensión adoptar as medidas cautelares necesarias para garantir a total interrupción da actividade, tales como o precintado, a retirada de materiais e maquinaria, a suspensión de suministros ou execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas por importe de 1.000 a 10.000 euros,



reiterables ata conseguir o cumprimento da orde de de cesación da actividade, e calquera outra medida que sea conveniente en pro da efectividade da suspensión.

3.- Instruído o expediente de reposición da legalidade e previa audiencia do interesado, adoptaranse algún dos seguintes acordos:

a) Si os usos no foran legalizables por ser incompatibles co ordenamento urbanístico, acordaranse a cesación definitiva dos mesmos.

4.- Co acordo que poña fin ao expediente de reposición da legalidade urbanística poderán adoptarse as medidas que se estimen precisas para garantir a executividade da resolución, sin perxuício da imposición das sancións que procedan e das facultades que correspondan ás autoridades competentes, en virtude do réxime específico de autorización ou concesión a que estean sometidos determinados actos de edificación e uso do solo.

5.- O procedemento ao que se refire o número anterior deberá resolverse no prazo dun ano, contado desde a data do acordo de iniciación.

6.- No caso de incumprimento da orde de cesación de usos, a administración municipal procederá á execución subsidiaria dela ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables ata lograr polo suxeito obrigado, na contía de 1.000 a 10.000 € cada unha.

RESOLUCIÓN

Polo anteriormente exposto dos antecedentes obrantes no expediente, visto o informe emitido pola arquitecta técnica municipal Nuria Morgade Pouso con sintaura dixital de 27 de outubro de 2023, visto o artigo 382 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 13/12/2023, coa conformidade do Secretario Xeral da Corporación, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Desestimar o Recurso de Reposición presentado polos Sres. Andrés Romay Seráns e M^a Dolores Argibay González coas motivación expostas no citado informe técnico.

SEGUNDO.- Declarar que as obras e actuacións realizadas polos interesados consistentes na reconstrucción, ampliación e consolidación de dous tramos de peche sito en parcela con ref^a catastral nº 15074A019009340000KK e afectados polas aliñacións do viario público, sen o título habilitante municipal, exceden as de conservación e mantemento permitidas do muro existente, de tal forma que, as ditas obras non son legalizables e segundo o art.152.3.a. da LSG procede acordar a demolición do conxunto do peche resultante tras as obras realizadas, á custa do interesado.

TERCEIRO.- Ordenar ao Sr. Andrés Romay Seráns e á Sra. M^a Dolores Argibay González a demolición do conxunto do peche resultante formado por dous tramos, un tramo de peche de pedra paralelo ao viario e un tramo de peche de fábrica perpendicular ao viario afectados polas aliñacións do viario público ao que da fronte á parcela segundo o plano 4.13 do PXOM, así como ao cese definitivo dos usos aos que desen lugar.

A orde de demolición deberá ser executada no prazo dun mese a contar desde a notificación da presente resolución, dando conta ao Concello de Riveira mediante comunicación previa.



CUARTO.- Apercibir aos obrigados de que no caso de incumprimento da orde de demolición no prazo sinalado procederase á súa execución subsidiaria ou á súa execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables mensualmente ata lograr a execución polo suxeito obrigado, en contía de 1.000 a 10.000 euros cada unha, conforme ao disposto polo artigo 152 da LSG.

QUINTO.- Poñer os feitos en coñecemento do Ministerio Fiscal aos efectos de esixencia das responsabilidades de orde penal en que pudieran incorrer os infractores, de conformidade co disposto no artigo 56 do Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.

SEXTO.- Notificar a presente resolución aos interesados entendo como tal ao Sr. Andrés Romay Seráns Sra. M^a Dolores Argibay González e á Sra. M^a Teresa Martínez Blanco.

16.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA - José Manuel Cores Outeiral

Visto o escrito presentado por **José Manuel Cores Outeiral**, de data 14/12/2023 (Rexistro 20231214), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 15074A001006400000KG.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 15/12/2023, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

1. ANTECEDENTES

Solicitud de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co núm. 20231214 do día 14 de decembro de 2023.

2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela.

3. LEGISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de información urbanística dunha parcela indicando súa referencia catastral.

4.2. Normativa urbanística



A parcela con referencia catastral 15074A001006400000KG, encóntrase clasificada polo PXOM, segundo se recolle no plano 2.12 de Ordenación Básica do territorio municipal, clasificación do solo e usos globais, sistema viario, a escala 1/5.000, como solo rústico Común.

O PXOM de Ribeira non se atopa adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e segundo a DT1ª.2.d. da LSG, ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico., agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 da LSG.

A Lei do solo, no seu apartado 35 "Usos e actividades en solo rústico", indica que Os usos e as actividades admisibles en solo rústico serán os seguintes:

- a) Accións sobre o solo ou subsolo que impliquen movementos de terra, tales como dragaxes, defensa de ríos e rectificación de leitos, abalancamentos, desmontes e recheos.
- b) Muros de contención, así como valado de predios.
- c) Actividades de ocio, tales como práctica de deportes organizados, acampada dun día e actividades comerciais ambulantes.
- d) Campamentos de turismo cas obras, servizos e instalacións previstas na normativa vixente en materia de turismo, así como zonas especiais de acollida para autocaravanas e caravanas en tránsito, conforme ao establecido en dita normativa; e as instalacións de praia e actividades de carácter deportivo, sociocultural, recreativo e de baño, de carácter público ou privado, de uso individual ou colectivo, que se desenvolvan ao aire libre, cas obras e instalacións imprescindibles para o uso do que se trate.
- e) Actividades científicas, escolares e divulgativas.
- f) Depósito de materiais, almacenamento e parques de maquinaria e estacionamento ou exposición de vehículos ao aire libre.
- g) Construcións e instalacións agrícolas en xeral, tales coma as destinadas ao apoio das explotacións hortícolas, almacéns agrícolas, talleres, garaxes, parques de maquinaria agrícola, viveiros e invernadoiros.
- h) Construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandería extensiva e intensiva, granxas, corrais domésticos e establecementos nos que se aloxen, manteñan ou críen animais, e instalacións apícolas.
- i) Construcións e instalacións forestais destinadas á xestión forestal e as de apoio á explotación forestal, así coma as de defensa forestal, talleres, garaxes e parques de maquinaria forestal.
- j) Construcións e instalacións destinadas a establecementos de acuicultura.
- k) Actividades e instalacións comprendidas no ámbito da lexislación mineira, incluídos os establecementos de beneficio, e pirotecnias.
- l) Instalacións vinculadas funcionalmente ás estradas e previstas na ordenación sectorial destas, así coma as estacións de servizo.
- m) Instalacións e infraestruturas hidráulicas, de telecomunicacións, produción e transporte de enerxía, gas, abastecemento de auga, saneamento e xestión e tratamento de residuos, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren.
- n) Construcións destinadas a usos residenciais vinculados á explotación agrícola ou gandeira.
- o) Construcións de natureza artesanal ou de reducida dimensión que alberguen actividades complementarias de primeira transformación, almacenamento e envasado de produtos do sector primario, sempre que garden relación directa ca natureza, extensión e destino da finca ou explotación do recurso natural.
- p) Construcións e rehabilitacións destinadas ao turismo que sexan potenciadoras do medio onde se ubiquen.
- q) Construcións e instalacións para equipamentos e dotacións públicos ou privados.
- r) Outros usos análogos que se determinen reglamentariamente e coordinados entre a lexislación sectorial e a presente lei.

Os restantes usos en solo rústico son usos prohibidos.

No artigo 39 Condicións xerais das edificacións no solo rústico, indícase:



Para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística, ou a autorización autonómica nos supostos previstos no artigo 36, para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico, haberá de xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:

- a) Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, ou subministro de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, no seu caso, a previsión de aparcamentos suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.
- b) Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así coma todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.
- c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:
 - a. As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes ca paisaxe rural e as construcións do entorno, sen prexuízo de outras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.
 - b. O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, salvo cando resulte imprescindible superalo por esixencias do uso ou actividade.
 - c. En todo caso, haberán de adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do releve natural dos terreos.
 - d. Os peches de fábrica no poderán exceder de 1,5 metros de altura, debendo adaptarse ao medio no que se ubiquen.
 - e. A altura máxima das edificacións non poderá exceder de dúas plantas nin de sete metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta
- d) Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación:
 - a. Deberá xustificarse suficientemente a idoneidade do emprazamento elixido e a imposibilidade ou inconveniencia de emprazalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 35.1, letras g), h), i), l), m) y n).
 - b. A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será de 2.000 metros cadrados, e non resultará esixible o cumprimento deste requisito para os usos regulados no artigo 35.1.m), para a ampliación de cemiterios e para as instalacións temporais que presten servizos necesarios ou convenientes para a utilización e desfrute do dominio público marítimo-terrestre.
 - c. A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá o 20 % da superficie da finca.
 - d. Os edificios se situarán dentro da parcela, adaptándose no posible ao terreo e ao lugar mais apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e á menor alteración da topografía del terreo.
 - e. Os recuados das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros.
 - f. As condicións de abancalamiento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.

Manterase o estado natural dos terreos ou, no seu caso, o uso agrario de eles ou con plantación de arbolado ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.



5. AFECCIÓNS SECTORIAIS

A parcela encóntrase dentro da zona de policía de canles, polo que deberá solicitar autorización a Augas de Galicia, para levar a cabo calquera actuación na mesma.

17.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA Ángel Martínez Parada

Vistos os escritos presentados por **Ángel Martínez Parada**, de datas 29/06/2023 (Rexistro de entrada nº 202315951) e 06/11/2023, no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencias catastrais 15074A001006400000KG.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico Municipal, Diego Hermida Varela, de data 13/12/2023, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

01.DATOS DA PERSOA SOLICITANTE:

Nome/razón social: Ángel Martínez Parada

02.DATOS DA PARCELA

Localización: Rúa Insuabela 33-35. Aguiño, Ribeira.

Ref. Catastral: 9290908MH9099S0000KU e 9290910MH9099S0000OU

Plano do PXOM: Planos nº 2.17 e 5.16 e 5.17 do PXOM de Ribeira; Folla 0151A-0507 do PBA

03.ANTECEDENTES

03.01. Con data do 29.06.2023, obtén rexistro de entrada (RE.: 202315951), unha solicitude de información urbanística.

Consta no expediente xustificante do pagamento dos tributos municipais.

03.01. Con data do 6.11.2023 incorpóranse ao expediente consultas descritivas e gráfica do Catastro das parcelas 9290908MH9099S0000KU e 9290910MH9099S0000OU.

04.NORMATIVA APLICABLE

- **Plan Xeral de Ordenación de Ribeira**, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal de Ribeira en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, na súa vixente redacción, en adiante PXOM.

- **Lei 2/2016**, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG.

- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG.

- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia, en adiante PBA.

- As demais normas que sexan de aplicación, nomeadamente a lexislación vixente sobre o réxime do solo e a ordenación urbana.

05.INFORME

O Concello de Ribeira conta cun plan xeral de ordenación aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal de Ribeira en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, na súa vixente redacción, en adiante PXOM. Será de aplicación o establecido na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 e o Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico.

De acordo coa Disposición transitoria 1ª.2 da LSG, o planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela consonte a unha serie de regras.

05.01.Réxime urbanístico:

As parcelas para as que solicita información conta con dúas clasificacións de acordo co PXOM, solo rústico e solo urbano.

A parte das parcelas situadas ao suroeste, no seu lindeiro coa vía municipal, atópanse en terreos



clasificados polo PXOM de Ribeira como **Solo Urbano correspondente coa Ordenanza 6.2, Residencial extensiva colectiva en hilera**. De conformidade coa Disposición Transitoria 1ª da LSG, apdo. 2 a) da LSG, ao solo urbano que reúna os requisitos do art. 17 a), aplicaráse o disposto na LSG para o solo urbano consolidado.

A continuación transcríbese o teor literal da ordenanza de aplicación:

Artículo 156: Ordenanza 6.2 - Residencial extensiva colectiva en hilera.

1. Definición y ámbito

Comprende esta Ordenanza las áreas de suelo urbano poco densificadas de los núcleos urbanos apoyándose sobre la red viaria tradicional, en las que se localizan viviendas colectivas adosadas a medianeras existentes, pareadas o aisladas con jardines en la parte de sus parcelas no edificada.

1.1. Obras admisibles

Son admisibles todo tipo de obras de:

Demolición

Reforma

Ampliación

Nueva planta

1.2. Usos globales

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivienda colectiva

Usos admisibles: sólo se admitirán además del uso característico, los terciarios que tengan una relación de dependencia directa con el uso principal, es decir, sólo se admitirán las oficinas, comercios y talleres de nivel de compatibilidad similar al doméstico.

1.3. Tipologías edificatorias

Vivienda colectiva adosada a medianeras existentes, pareada y en hilera, que deberán justificar sus condiciones tipológicas para garantizar la integración de las nuevas edificaciones con las preexistentes.

Esta justificación será extensible a las condiciones geométricas, de la edificación, en coherencia con las condiciones generales de parcela.

2. Parámetros de la edificación

2.1. Condiciones de la parcela

Parcela mínima: 200 m²

Frente mínimo: Será de 10 m. pudiéndose autorizar la edificación en parcelas con frente menor 8 m. en el caso de viviendas adosadas a medianeras existentes o pareadas.

2.2. Condiciones de ocupación

Ocupación máxima en parcela: 50%.

Retranqueos: La posición de la edificación quedará retranqueada respecto a los linderos 3 metros y podrá retranquearse de la alineación hasta un máximo de 8 metros, pudiéndose adosar con uno de los colindantes previo acuerdo por escrito de las partes y obligándose a adosar en el caso de existir una edificación con medianera existente sobre dicha parcela; en caso de existir dos medianeras sobre una misma parcela, no se obligará a tener un frente mínimo de 8 metros, ni las demás condiciones de edificación.

2.3. Condiciones de volumen

Edificabilidad: 1,25 m²/m²

Altura edificación:

Número plantas: Bajo + una planta + Bajo cubierta, computándose a todos los efectos la edificabilidad consumida en espacios de altura superior a 1,5 metros. Se permite la planta sótano, con ocupación de toda la parcela para aparcamientos y servicios.

H. máxima: 6,5 metros

Altura de coronación: será de 4,00 metros sobre el último forjado.

2.4. Elementos arquitectónicos

Igual que la 6.1.

2.5. Condiciones ambientales y estéticas

La intención es la de conseguir una franja de edificación en baja densidad con gran proporción de espacios ajardinados y arboledas.



Cerramientos exteriores y materiales: La volumetría, composición, naturaleza, textura y color de los materiales serán acordes con los utilizados en el proceso de formación del paisaje histórico. Se adoptarán soluciones tipológicas propias del entorno. Se prohíben los muros de bloques sin revestir y pintar.


En la carpintería exterior del edificio se podrán utilizar madera, hierro, aluminio o plástico siempre que estén pintados, lacados o coloreados.

Se prohíbe el aluminio en su color natural.

Composición de fachadas y huecos: Se tomará como referencia la arquitectura popular existente en la zona.


Se recomienda que los huecos de las ventanas deberán tener forma cuadrada o rectangular, en este caso, el lado vertical será siempre mayor que el horizontal.

Integración en el medio natural: La edificación deberá estar integrada en el medio natural, debiendo quedar convenientemente ajardinado el espacio comprendido entre los edificios y los linderos de la parcela.



Plano nº 5.16 do PXOM. SÓLO URBANO





Plano nº 5.17 do PXOM. SÓLO URBANO

A parte das parcelas situada ao noreste, atópase en terreos clasificados polo PXOM de Ribeira como **solo rústico**.

De acordo coa Disposición Transitoria Primeira da LSG, apdo. 2 c), ao solo rústico aplicaráse o disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia para o solo rústico.

Da consulta do PBA, obsérvase que as parcelas para as que se solicita información atópase na zona de policía do Rego de Listres, curso fluvial 1003779514, e do Rego do Paxariño, curso fluvial 10037795142, polo que de acordo co artigo 34.2.c da LSG corresponderalle a categoría de **solo rústico de protección de augas**.

Os **usos e actividades permitidos**, o **réxime dos usos** e as **condicións xerais da edificación** para o solo rústico recóllense nos artigos 35, 36 e 39, respectivamente, da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

18.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTOS MUSICAIS EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Carmen Acevedo Seráns (MORRISON)

VISTO o escrito presentado por **Carmen Acevedo Seráns**, en representación do establecemento “Cervecería Morrison”, de data 14/12/2023 (Registro de entrada nº 28.854), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Cervecería Morrison” (Ribeira), o día 01/01/2024 a partir das 02:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización (Debendo cumprir co horario establecido nas instrucións) a Carmen Acevedo Seráns, para evento musical no establecemento hostaleiro “Cervecería Morrison” (Ribeira), o día 01/01/2024 a partir das 02:00 h. con límite máximo das 06:00 h., nas condicións establecidas pola “Instrucións de actuacións musicais de



pouca entidade Concello de Ribeira”, aprobada pola Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada en data 20/10/2022, e aprobada corrección na Xunta de Goberno Local de data 16/02/2023, e na que se establece:

“(…)

5.- DATAS E HORARIOS:

5.1. Sábados, domingos e festivos: Sesión “Vermú”: entre 13.00 h e 16.00 h.

5.2. Interior de Locais:

5.2.1. Café Bar:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.2. Cafetería:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.3. Pubs e café concerto:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 02.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 02.00 h.

5.3. Exterior de locais: Para todas as licenzas:

Venres: de 20.00 h a 23.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 00.00 h.

ACLARACIÓN: Os locais que queiran realizar unha actuación en interior o poderán realizar os mércores o xoves en horario comprendido entre as 20.00 h e 23.30 h, como máximo un día á semana. Exceptúanse desta consideración os locais que dispoñan de licenza de pub, que se rexerán pola mesma.

“(…)”

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Cervecería Morrison” (Ribeira) (**Carmen Acevedo Seráns**), deberá estar localizado en todo momento para o cal deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumpren as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”
- O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades,



o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”

- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”*

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.



19.- DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA 00166/2023

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da Sentenza nº 00166/2023, de data 23/11/2023, remitida polo Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela, pola que se declara a inadmisibilidade do recurso contencioso-administrativo (Procedemento abreviado 0000370/2023), presentado polo Banco Santander, S.A. contra a resolución de 26/08/2020 que desestima o recurso de reposición contra a materia en IIVTNU.

20.- DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA 00487/2023

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da Sentenza nº 00487/2023, de data 28/11/2023, remitida polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia Sala do Contencioso-Administrativo Sección 2, pola que se desestima o recurso de apelación (Procedemento AP 4148.2023), presentado por por José Vicente Domínguez Martínez, contra a sentenza ditada polo Xulgado Contencioso Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela derivado do procedemento ordinario 57.2021, mantendo a resolución recurrida.

21.- DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA 00215/2023

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da Sentenza nº 00215/2023, de data 30/07/2023, remitida polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia Sala do Contencioso-Administrativo Sección 3, pola que se rexeita o recurso de apelación nº 7026/2023 interposto contra a sentenza nº 400/2022, ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela.

22.- DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA 00745/2023

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da Sentenza nº 00745/2023, de data 11/12/2023, remitida polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia Sala do Contencioso-Administrativo Sección 4, pola que se acolle o recurso contencioso-administrativo presentado polo oncello de Ribeira contra a resolución de 21/10/2022 do TEAR (ingresos a conta IRPF ano 2018, expte. 15/5380/2021) anulándoo por contrario a dereito.

23.- DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA 00264/2023

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da Sentenza nº 00264/2023, de data 26/10/2023, remitida polo Xulgado do Social Nº 2 de Santiago de Compostela, pola que se desestima a demanda presentada por Miguel Ángel Sobrado Silva contra el INSS, a TGSS a mutua Ibermutua e contra o Concello de Ribeira, absolvendo ás partes demandadas.

24.- DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA 00386/2023

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da Sentenza nº 00386/2023, de data 14/11/2023,



remitida polo Xulgado do Social Nº 3 de Santiago de Compostela, pola que se desestima a demanda presentada por Alberto Maneiro Liñares frote ao Concello de Ribeira, absolvendo á parte demandada.

25.- DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA 00011/2023

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da Sentenza nº 00011/2023, de data 19/01/2023, remitida polo Xulgado do Penal Nº 2 de Santiago de Compostela, pola que se condena a G.S.R. como autor penalmente responsable dun delito contra a seguridade de tráfico.

26.- ACHEGA CONCEDIDA AO MUSEO ETNOGRÁFICO DO CENTRO RECREATIVO DE ARTES (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a proposta de xustificación documental e proposta de pagamento de subvención emitida pola Concelleira Delegada de Cultura, Antía Alberte Maneiro, de data 18/12/2023, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e o Museo Etnográfico do Centro Recreativo de Artes.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 18/12/2023.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e o Museo Etnográfico do Centro Recreativo de Artes.

27.- ACHEGA CONCEDIDA Á ESCUDERÍA RIBEIRA RÍA DE AROUSA (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a proposta de xustificación documental e proposta de pagamento de subvención emitida polo Técnico de Deportes, Javier Sampedro Sampedro, de data 18/12/2023, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Escudería Ribeira Ría de Arousa, para a promoción do deporte e dinamización turística do concello mediante a organización de eventos deportivos.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 18/12/2023.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Escudería



Ribeira Ría de Arousa, para a promoción do deporte e dinamización turística do concello mediante a organización de eventos deportivos, por importe de 25.000 €.

28.- ADXUDICACIÓN DAS AXUDAS A DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DO CONCELLO DE RIBEIRA. ANO 2023

Vista acta da reunión da comisión avaliadora das bolsas a deportistas do ano 2023 do Concello de Ribeira, de data 18/12/2023, relativa á adxudicación de axudas a deportistas individuais do Concello de Ribeira, ano 2023.

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 19/12/2023.

Vista a documentación que consta no expediente

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

1º.- Rexeitar as seguintes solicitudes por non acadar a puntuación mínima solicitada nas bases :

- Jesús Patiño Ríos(10 pts) : non acada os 13 puntos mínimos na puntuación final.
- Bruno Iglesias Sanlés(10 pts): non acada os 13 puntos mínimos na puntuación final.

2º.- Repartir as bolsas o resto de solicitantes, de forma proporcional a puntuación obtida, de acordo ca seguinte relación:

NOME E APELIDOS	PUNTUACIÓN	CANTIDADE	OBSERVACIÓNS
IRENE MONTEMUIÑO MARTINEZ	28	1441,18€ 1.000€	Supera o máximo: 1.000 €
IVÁN PARADA NOVO	21	1080,88€ 1.000€	Supera o máximo: 1.000 €
ADRIÁN PEGO REY	21	1080,88€ 1.000€	Supera o máximo: 1.000 €
CLARA Mª MILLARES SIEIRA	19	977,94€	
LOIS TOMÁS GONZÁLEZ	18	926,47€	
BORJA DOMINGO FRANCO MARTINEZ	18	926,47€	
JUAN VICENTE FIGUEIRAS FDEZ	18	926,47€	
NURIA CERNADAS AGEITOS	17	875,00€	
PAULA CASTRELO NOVO	17	875,00€	
TOMASA FRANCO MARTÍNEZ	15	772,06€	
AINHOA TEIRA PÉREZ	14	720,59€	
MARTA TEIRA ALVITE	14	720,59€	
ALEJANDRO CERNADAS AGEITOS	13	669,12€	
ANNA DANIELA SIEIRA CEDEÑO	13	669,12€	
MAURO VIZCAYA REY	13	669,12€	
MATEO CRUJEIRAS VILLAR	13	669,12€	



29.- PRÓRROGA III PLAN DE IGUALDADE E OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES (III PIOM)

Vista a proposta da **Directora do Centro de Información á Muller**, María Dolores Crujeiras Bringas, en relación á aprobación da prórroga do III Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes (III PIOM) para mantelo en vigor durante o ano 2024, e mentres non se remate a súa avaliación para facer o diagnóstico de xénero e elaboración do IV PIOM.

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda aprobar** a prórroga do III Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes (III PIOM) para mantelo en vigor durante o ano 2024, e mentres non se remate a súa avaliación para facer o diagnóstico de xénero e elaboración do IV PIOM.

30.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONTRATO DE FORMALIZACIÓN DE PERMUTA DE TERREOS XARÁS - OLVEIRA

O asunto de referencia queda sobre a mesa para tratar na vindeira sesión da Xunta de Goberno Local

31.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – María Esther Reiriz Pérez (ESMORGA)

VISTO o escrito presentado por **María Esther Reiriz Pérez**, en representación do establecemento “Esmorga”, de data 20/12/2023 (Rexistro de entrada nº 29.326), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Esmorga” (Ribeira), o día 24/12/2023, en horario de 14:00 h a 17:00 h.

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización (Debendo cumprir co horario establecido nas instrucións) a **María Esther Reiriz Pérez**, para evento musical no establecemento hostaleiro “Esmorga” (Ribeira), o día 24/12/2023, nas condicións establecidas pola “Instrucións de actuacións musicais de pouca entidade Concello de Ribeira”, aprobada pola Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada en data 20/10/2022, e aprobada corrección na Xunta de Goberno Local de data 16/02/2023, e na que se establece:

“(…)”

5.- DATAS E HORARIOS:

5.1. Sábados, domingos e festivos: Sesión “Vermú”: entre 13.00 h e 16.00 h.

5.2. Interior de Locais:

5.2.1. Café Bar:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.2. Cafetería:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.



Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.3. Pubs e café concerto:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 02.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 02.00 h.

5.3. Exterior de locais: Para todas as licenzas:

Venres: de 20.00 h a 23.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 00.00 h.

ACLARACIÓN: Os locais que queiran realizar unha actuación en interior o poderán realizar os mércores o xoves en horario comprendido entre as 20.00 h e 23.30 h, como máximo un día á semana. Exceptúanse desta consideración os locais que dispoñan de licenza de pub, que se rexerán pola mesma.

(...)"

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de "Esmorga" (Ribeira) (**María Esther Reiriz Pérez**), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: "O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable."
- O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: "1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)"
- O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: "Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal."
- O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o



seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 15:40 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

